

PREGUNTA DE AER SOBRE A AMPLIACIÓN DO ENTORNO DO CEIP OUTEIRO DAS PENAS DE CESANTES (Rex. Entrada 27.03.2017, 2017-E-RC-4.259).

PLENO 30 MARZO DE 2017. ACTA 04/2017

"Tanto no consello parroquial de Cesantes como no consello parroquial do Viso, tal como os respectivos presidentes aquí presentes teñen constancia, a veciñanza ten demandado a ampliación do entorno do colexio público Outeiro das Penas de Cesantes, xestionado a adquisición de parcelas colindantes co propio colexio. Deste xeito poderíase regular a entrada e saída dos autobuses escolares, dotar a zona de aparcadoiro exterior e mellorar a seguridade viaria do entorno do colexio :

En virtude do anteriormente exposto realizamos a seguinte pregunta:

- Que xestións ten desenvolto o goberno local para que os terreos colindantes co colexio Outeiro das Penas poidan empregarse de aparcadoiro, así como para regularizar o movemento de vehículos nos horarios de entrada e saída das cativas/os?"

A concelleira BARCIELA BARROS di que están a tratar o tema cos veciños e solicitando a cesión duns terreos expropiados por Fomento a fin de poder acondicionarlos.